



# ANEXO I. Iniciativas impulsadas pola Amtega e/ou en colaboración con outras organizacións

## VOCACIONES CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS



REFORZAR A CAPACIDADE  
AUTOPERCIBIDA E MOTIVACIÓN  
DO ALUMNO

Accións Lúdico-  
formativas

DigiCraft no teu cole



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



### Obxectivo

Axudar aos nenos e nenas a adaptarse a unha sociedade dixital en rápida evolución e mostrarlles as posibilidades que o mundo dixital ofrece.

### A quen vai dirixido?

- Alumnado de 6 a 12 anos

### En que consiste?

Programa formación e reforzo das habilidades dixitais baixo a metodoloxía DigiCraft, unha metodoloxía de aprendizaxe específica baseada no xogo e a experimentación.

En concreto, cada curso académico impartiranse 2 itinerarios formativos de 14 horas de duración cun total de 28 horas de actividade. Os centros educativos elixirán en que modalidade adherirse ao proxecto, a proposta formativa pode ser impartida tanto en horario escolar, no marco unha materia ou materias específicas, como en horario extraescolar, como complemento á actividade formal.



## VOCACIÓNS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS



FOMENTAR O ATRACTIVO DAS  
PROFESIÓNS CIENTÍFICO-  
TECNOLÓXICAS

Accións divulgativas e  
de inmersión  
tecnolóxica

WRO Galicia



### Obxectivo

Ofrecer ao alumnado a posibilidade de achegarse de maneira lúdica e divertida á tecnoloxía e á enxeñaría.

### A quen vai dirixido?

- Estudantes de 6 a 19 anos

### En que consiste?

A World Robot Olympiad (WRO) é unha divertida e desafiante olimpíada de robótica na que os participantes poderán vivir unha experiencia educativa internacional no ámbito da tecnoloxía na que, a través dos seus retos, abordaranse aspectos relacionados co medio ambiente, reciclaxe ou as cidades do futuro.

Os participantes demostrarán a súa capacidade de resolución de problemas, ao mesmo tempo que aprenden e desenvolven competencias persoais.



## NOVOS PERFÍS



REFORZAR A ADECUACIÓN DA  
CAPACITACIÓN DOS  
PROFESIONAIS TIC

*Actividades de  
sensibilización e  
asesoramento*

### Hackathon CEIN Big Data e Analytics



#### Obxectivo

Potenciar o talento en torno unha tendencia en torno ao Big Data, unha das tendencias tecnolóxicas cada vez máis estendida na economía dixital.

#### A quen vai dirixido?

- Analistas, universitarios, emprendedores e outros interesados en Big Data.

#### En que consiste?

Evento orientado a reunir un equipo de analistas, universitarios, emprendedores e todo tipo de persoas con inquietudes tecnolóxicas en Analytics & Big Data que competirán durante dous días co fin de elaborar unha solución tecnolóxica baseada nestas tendencias que dea resposta ao reto que se defina inicialmente. O Hackathon celebrarase nas instalacións do CEIN da Cidade da Cultura.



# Anexo II. Iniciativas propias achegadas polas empresas do Pacto Dixital de Galicia para o desenvolvemento de DigiTalent

## VOCACIÓNS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS



REFORZAR A CAPACIDADE  
AUTOPERCIBIDA E MOTIVACIÓN  
DO ALUMNO

Accións Lúdico-  
formativas

The North Codes



### Obxectivo

Achegar aos nenos e nenas á ciencia, á tecnoloxía, á enxeñaría e ás matemáticas dunha forma atractiva, divertida e sinxela de desenvolver.

### A quen vai dirixido?

- Estudantes de 5º de primaria e 4º de secundaria.

### En que consiste?

Concurso de programación na que os mozos e mozas crearán un videoxogo de aventuras utilizando a tecnoloxía Scratch.

Os equipos, organizados por parellas e en dúas categorías (Junior e Senior), terán que desenvolver o seu proxecto, que será avaliado por parte dos profesionais de DXC Technology, en base á creatividade, orixinalidade, precisión, aos méritos técnicos e ás boas prácticas de programación.



## Anexo II. Iniciativas propias achegadas polas empresas do Pacto Dixital de Galicia para o desenvolvemento de DigiTalent

### VOCACIÓNS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS



FOMENTAR O ATRACTIVO DAS PROFESIÓNS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS

Accións divulgativas e de inmersión tecnolóxica

O Core das TIC

coremain

#### Obxectivo

Captar o interese e potenciar a curiosidade dos máis novos pola tecnoloxía nunha contorna lúdica e distendida.

#### A quen vai dirixido?

- Estudantes de 12 a 17 anos

#### En que consiste?

Desenvolvemento dunha serie de talleres de ideas, demos e/ou actividades lúdicas nas instalacións desta empresa, achegando aos nenos e nenas os proxectos relacionados co ámbito das telecomunicacións.



# Anexo II. Iniciativas propias achegadas polas empresas do Pacto Dixital de Galicia para o desenvolvemento de DigiTalent

## VOCACIÓNS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS



FOMENTAR O ATRACTIVO DAS PROFESIÓNS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS

Accións divulgativas e de inmersión tecnolóxica

FutureLab+FunCode



### Obxectivo

Captar o interese e potenciar a curiosidade dos máis novos pola tecnoloxía nunha contorna lúdica e distendida.

### A quen vai dirixido?

- Estudantes de 12 a 17 anos

### En que consiste?

Desenvolvemento dunha serie de talleres de ideas, demos e/ou actividades lúdicas que terán lugar nas instalacións desta empresa, achegando aos nenos e nenas os proxectos relacionados cos ámbitos do coche conectado e a programación.



## Anexo II. Iniciativas propias achegadas polas empresas do Pacto Dixital de Galicia para o desenvolvemento de DigiTalent

### VOCACIÓNS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS



FOMENTAR O ATRACTIVO DAS PROFESIÓNS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS

Accións divulgativas e de inmersión tecnolóxica

Acerca-T



#### Obxectivo

Familiarización do alumnado coa área das novas tecnoloxías, en aras de potenciar a súa orientación cara ao ámbito TIC.

#### A quen vai dirixido?

- Alumnado de secundaria e bacharelato.

#### En que consiste?

Posta en circulación dunha unidade móbil formativa equipada con material de telecomunicacións e robots deseñados e fabricados pola empresa Televes coa que visitará distintos centros educativos galegos.

As paradas da unidade móbil incluírán centros educativos das catro provincias galegas e tamén as oficinas centrais da empresa e servirán como localización accesible para todos os alumnos e alumnas da área de influencia, que tamén terán oportunidade de visitar a fábrica da empresa en Santiago de Compostela.